

Data: 22/10/2015

**Balidea Consulting & Programming, S.L. (BALIDEA)**

Edificio Witland, Rúa dos camiños da Vida s/n, Baixo, 15705, Santiago de Compostela

A Coruña

**ASUNTO:** *Notificación de resolución da mesa de contratación do Concurso para o desenvolvemento do Campus Móbil, Backend xenérico e aplicación de notificacións.***Expediente:** XUO1-II/2015

Pola presente se lle notifica que o órgano de contratación do Consorcio para o Desenvolvemento de Sistemas para Xestión Universitaria (CIXUG) ven de acordar a adxudicación do contrato do asunto a súa empresa *Balidea Consulting & Programming, S.L.* despois da avaliación feita pola mesa de contratación das ofertas presentadas e dos correspondentes trámites administrativos segundo o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público e o propio prego de prescricións administrativas do referido concurso, por considerarse a máis vantaxosa segundo os criterios de valoración fixados no prego de cláusulas administrativas do referido concurso.

Lembrándolle que a partir da presente notificación de resolución, segundo se detalla no apartado 16.90 *a, b e f*, do prego de prescricións administrativas, ten 10 (dez) días hábiles a contar dende a data de recepción da presente notificación para presentar a documentación requirida para proceder á formalización do correspondente contrato.

Por último, tal e como se detalla no apartado 16.91 do referido prego de prescricións administrativas, de non presentar a documentación sinalada en forma e prazo, a súa empresa quedará excluída e o CIXUG poderá efectuar unha nova adxudicación de conformidade co establecido no artigo 156 do TRLCSP, con incautación da garantía definitiva depositada no caso de se esixir a súa constitución, de acordo co establecido no artigo 103 do citado TRLCSP.



Asdo. D. Salustiano Mato de la Iglesia

Presidente do CIXUG